

COMISIÓN PERSOAL 18 DECEMBRO 2025

 **DECRETO OPE 2025 LEI 17/89**

 **RESOLUCIÓN CONVOCATORIA CURSO OPOSICIÓN LEI 17/89 2022-2023-2024**

 **MODIFICACIÓN RPT AXENCIA PROTECCIÓN LEGALIDADE URBANÍSTICA**

Decreto OPE Lei 17/89 2025

A favor CSIF

Abstención UGT

En contra CIG

Abstención CCOO

A DXEPAP declara aprobada a proposta.

UGT SP reiteramos, como en todas as propostas de convocatoria con proceso de selectivo por oposición que rexeitamos coa mesma xustificación, que **é preciso pararse a negociar un novo modelo de procesos selectivos actualizado en moitos aspectos**, o igual que sucede coa promoción interna e o concurso aberto e permanente. **Esperamos que nas convocatorias se teña mudado o modelo en desenvolvemento do Acordo Marco estatal.**

Resolución convocatoria procesos selectivos Lei 17/89 2022-2023-2024

En contra UGT

Abstención CIG

En contra CCOO

En contra CSIF

A DXEPAP declara aprobada a proposta.

UGT SP reiteramos o voto en contra fundamentalmente por non facer ningunha aproximación negociadora sobre a alegación de adecuar o baremo xeral de servizos prestados

Modificación RPT APLU

A favor UGT

Abstención CCOO

En contra CIG

En contra CSIF

UGT SP votamos a favor da proposta en tanto en canto atende fundamentalmente á adaptación ao decreto de estrutura da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas. Cuestións que foron tratadas na negociación aínda que non se correspondían coas materias obxecto de negociación como foi a demanda de incremento do nivel retributivo das/os subinspectores/as urbanísticos contan co apoio explícito da UGT. Reiteramos a nosa desconformidade, xa coñecida, á apertura de postos a outras administracións aínda que no caso da APLU entendemos que a apertura nun dos postos modificados na proposta de modificación presentada conta co soporte argumental do propio decreto de creación da APLU.

Varios. PAGA EXTRA. ATRASOS ACORDOS

 **PAGA EXTRA:** abono o 22 de decembro

 **ACORDO MARCO ESTATAL E ACORDO GALEGO DE GRAO EXTRAORDINARIO:** Atrasos de ambos Acordos en Nómina adicional do mes de decembro que se abonará nas dúas primeiras semanas de xaneiro de 2026, e polo tanto non entra no IRPF de 2025.

USG

